



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos

Materia	Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos			
Código	O05G110V01104			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Sueiro Domínguez, Encarnación			
Profesorado	Sueiro Domínguez, Encarnación			
Correo-e	encarnacion.sueiro.dominguez@ser			
Web	http://			
Descrición xeral	Trátase dunha materia de carácter básico, situada no primeiro curso do grao de educación infantil. Facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos psicolóxicos (memoria, cognición, linguaxe, etc.) ao longo do período de 0 a 6 anos. Estes coñecementos son nucleares na formación de mestres/as que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ao desenvolvemento de nenos e nenas a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Capacitar os docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B6	Capacidade de xestión da información
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B15	Aprendizaxe autónoma

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer as características dos estudantes de infantil así como os seus contextos coa finalidade de estimular e potenciar o desenvolvemento persoal de nenos e nenas.	A2	B1
	A3	B8
	A6	B12
Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade dos estudantes de infantil.	A2	B1
	A6	B12
		B13

Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas en psicoloxía do desenvolvemento na idade infantil.	A2 A3	B2 B3 B6 B8
Promover o traballo autónomo e en equipo coa finalidade de mellorar o logro académico e desenvolver estratexias que permitan posteriormente participar na mellora dos procesos de desenvolvemento a través das prácticas educativas.		B3 B9 B11 B15

Contidos

Tema	
Paradigmas e teorías do desenvolvemento humano.	Desenvolvemento psicolóxico. Estudo do desenvolvemento humano. Controversias conceptuais. Modelos e teorías explicativas do desenvolvemento.
Desenvolvemento físico e psicomotor.	Desenvolvemento prenatal e neonatal. Control do corpo e actividade psicomotriz. Esquema corporal. Lateralización.
Desenvolvemento cognitivo.	Desenvolvemento da atención. Desenvolvemento da memoria e utilización de estratexias. Orixes da representación mental e sistemas de representación. Razoamento e utilización de regras.
Desenvolvemento comunicativo e lingüístico.	Inicios da comunicación e a interacción social. Comunicación preverbal. Intención comunicativa. Desenvolvemento da linguaxe: fonolóxico morfosintáctico, semántico e pragmático. Comunicación, linguaxe e pensamento.
Desenvolvemento da personalidade e afectivo-sexual.	Temperamento e desenvolvemento da personalidade. Vocabulario básico/técnico elemental. A nosa orixe. Vínculo afectivo e apego. Desenvolvemento da emocións. Coidados básicos do corpo. Coñecemento dun mesmo: Autoconcepto e Autoestima. Identidade de xénero e roles. Abusos sexuais e como evitalos. Preguntas que adoitan realizar as e os menores.
Desenvolvemento social: interaccións e relacións sociais.	Coñecemento social e desenvolvemento de normas e valores. Relacións con iguais. Os irmáns. Interaccións sociais e xogo. Agresividade. Conduta prosocial. A parella, a familia e os vínculos familiares e a colaboración de todas as persoas nas actividades domésticas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	10	0	10
Traballos de aula	13	14	27
Presentacións/exposicións	16	44	60
Traballos tutelados	6	18	24
Outras	2	0	2
Cartafol/dossier	5	20	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades dirixidas a tomar contacto e recoller información do alumnado e presentación da materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos da materia ou as directrices dos traballos ou actividades a desenvolver polo estudante
Traballos de aula	Proposta e resolución de actividades e traballos de grupo na aula baixo a supervisión da docente.
Presentacións/exposicións	Presentación por escrito dos traballos realizados e a súa exposición, individualmente ou en grupo, na aula.

Traballos tutelados	O alumnado por escrito e oralmente na aula, actividades ou exercicios adaptados ao alumnado de educación infantil.
---------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Orientacións ao alumnado de forma presencial (na aula ou en titoría) ou non presencial sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento da materia.
Traballos de aula	Orientacións ao alumnado de forma presencial (na aula ou en titoría) ou non presencial sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento da materia.
Traballos tutelados	Orientacións ao alumnado de forma presencial (na aula ou en titoría) ou non presencial sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Exercicios, traballos e actividades realizadas na aula baixo as directrices ou supervisión do profesorado. Pode estar vinculada ao desenvolvemento de actividades autónomas do estudante.	10
Presentacións/exposicións	Presentación por escrito e exposición na aula, individualmente ou en grupos, dos traballos desenvolvidos.	20
Traballos tutelados	O estudante presenta por escrito e oralmente, actividades ou exercicios adaptados ao alumnado de educación infantil.	20
Outras	Traballo autónomo tutelado relacionado cos contidos da materia	30
Cartafol/dossier	Carpeta que inclúe de forma sistematizada un conxunto de documentos e evidencias realizados polos estudantes de xeito individual e colectivo que son indicadores de cal foi o seu traballo respecto a un proxecto de traballo determinado, na que debe mostrarse dominio abondo dos contidos, relacións significativas entre os contidos e debe estar expresada de xeito sistematizado e coherente.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na convocatoria de Xullo, únicamente se avaliarán as competencias ou actividades non superadas na convocatoria correspondente ao seu cuadrimestre.

No caso de que algún estudante non poida ser obxecto dunha avaliación continua, nin o seu traballo poida ser titorizado polo docente, ademais de presentar un traballo relacionado coa materia, individualmente ou en pequeno grupo, realizará unha proba de elaboración que terá en conta tanto os contidos teóricos como os contidos prácticos, onde a nota final será a media entre as dúas obtidas, e tendo que estar ambas superadas, para poder ser calculada.

No seguinte enlace pódese consultar día/hora/lugar do examen (apartado *datas exames*):

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Delval, J. (1994). *El desarrollo humano*. Madrid: Siglo XXI.

Donaldson, M. (1979). *La mente de los niños*. Madrid: Morata.

Palacios, J, Marchesi, A. y Coll, C. (comps.) (1999). *Desarrollo psicológico y educación: Vol. I. Psicología Evolutiva*. Madrid:

Perinat, A. (2003). *Psicología del desarrollo. Un enfoque sistémico*. Barcelona. Editorial UOC

lingüístico. Vol. 1. Madrid: UNED. Pp. 287-322.

Giménez-Dasi, M. y Mariscal, S. (2008). *Psicología del Desarrollo. Desde el nacimiento a la primera infancia*. Madrid: McGraw

González, A.M., Fuentes, M.J., de la Morena, M.L. y Barajas, C. (1995). *Psicología del desarrollo: teoría y prácticas*. Málaga:

Hoffman, L., Paris, S. y Hall, E. (1995). *Psicología del desarrollo hoy (Vol. 1 y 2)*. Madrid: McGraw-Hill.

Martí Sala, E. (1991). *Psicología evolutiva: teorías y ámbitos de investigación*. Barcelona: Anthropos.

Morrison, G.S. (2005). *Educación Infantil*. Madrid: Pearson.

Ortega, R. (1999). *Crecer y aprender. Curso de Psicología del desarrollo para educadores*. Madrid: Visor

Palacios, J. y Rodrigo, M. J. (2001). *La familia como contexto de desarrollo humano*. Madrid: Alianza.

Papalia, D. y Olds, S.W. (2010). *Desarrollo humano*. Bogotá: McGraw-Hill Interamericana.

Pérez, M. (1995). *Nuevas perspectivas en psicología del desarrollo*. Madrid: Alianza.

Rice, F.P. (1997). *Desarrollo Humano. Estudio del Ciclo Vital*. México: Prentice-Hall.

Trianes, M.V. y Gallardo, J.A. (coord.) (2004). *Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares*. Madrid: Pirámide.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Psicología: Psicología da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/O05G110V01205

Psicología: Fundamentos psicolóxicos da intervención temperá/O05G110V01304

Psicología: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta/O05G110V01402

Psicología: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Outros comentarios

(*)RECOMÉNDASE: - A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.- A asistencia continuada ás sesións de clases para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.
